

# VIXILANCIA DA GRIPE EN GALICIA

tempada 2018/2019

## CUALIFICACIÓN DA ACTIVIDADE GRIPAL

Seguindo ao EISN (European Influenza Surveillance Network, ECDC), e de acordo co SVGE (Sistema de Vigilancia de la Gripe en España), en Galicia a actividade gripal cualifícase cos tres indicadores seguintes: *intensidade, difusión xeográfica e tendencia da actividade gripal*.

### Indicador de intensidade da actividade gripal

En Galicia, a intensidade da actividade gripal cualifícase a partir da ratio semanal entre o número de consultas rexistradas como gripe (R80) en atención primaria do SERGAS e o número de médicos que as rexistraron.

Na tempada 2018/19 a intensidade da actividade gripal clasifícase en<sup>1</sup>:

- 1/ Basal: por debaixo de 1'6 .
- 2/ Baixo: entre 1'6 e 3'1.
- 3/ Medio: entre 3'1 e 4'4.
- 3/ Alta: entre 4'4 e 5'1.
- 4/ Moi alta: por riba de 5'1.

### Indicador da difusión xeográfica da actividade gripal

A difusión xeográfica cualifícase nas catro categorías seguintes:

- 1/ Nula: Non hai evidencia microbiolóxica de actividade gripal, e a intensidade da actividade gripal é baixa.
- 2/ Esporádica: A intensidade da actividade gripal é baixa e hai constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio (ou un abrocho nunha soa institución).
- 3/ Local: A intensidade da actividade gripal atópase nalgunhas provincias por riba do seu propio nivel basal, establecido co número de consultas semanais rexistradas como gripe (R80) en atención primaria do SERGAS (AC: 272; PO: 256; LU 78 e OU: 119) e con constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio (ou ben tiveron lugar varios abrochos).
- 4/ Xeral ou Espallada: Hai un aumento da actividade gripal por riba do límite basal en varias provincias que xuntas supoñen máis do 50% da poboación de Galicia, con constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio.

### Indicador da evolución da actividade gripal

A evolución cualifícase nas tres categorías seguintes:

- 1/ Crecente: A intensidade da actividade gripal aumenta comparada coa semana previa.
- 2/ Decrecente: A intensidade da actividade gripal diminúe comparada coa semana previa.
- 3/ Estable: A intensidade da actividade gripal non cambia comparada coa semana previa.

---

<sup>1</sup> A estimación dos valores basais faise co modelo de epidemias móbiles de Vega et al. Referencias bibliográficas: [1] Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe: establishing epidemic thresholds by the moving epidemic method, Influenza Other Respi. Viruses. 2013; 7:546–58; [2] Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe. Influenza surveillance in Europe. Comparing intensity levels calculated using the Moving Epidemic Method. Influenza Other Respir Viruses. 2015; 9(5):234-46. doi: 10.1111/irv.12330.